

# ENTRAMBAS AUGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Número 1 • Brao 1996 • 150 Ptas.

*A casa do*  
**PORCÍA-NAVIA**

*A noite de*

**SAN XUAN**


**Escola de Música**

*de*  
**TAPIA**

# ENTRAMBASAUGUAS

## Índiz

- Benjamín Méndez 4 A **CASA** del tipo **PORCÍA-NAVIA**
- Jesús González Gayol 7 Os **MONTES**
- Ángel Herrera Gutiérrez 8 A **ESCOLA** de **MÚSICA** y **DANZA TRADICIONAL** de Tapia
- Entrambasaugas 10 A noite de **SAN XUAN**
- Manuel García "Galano" 13 Un **TRUITO**
- 14 **AXENDA**
- Ánxel González 15 El movementu **VECINAL** nel conceyo de **NAVIA**
- 16 El **ARCO** da **VEYA**
- 18 El **HOUCHA**



**SE** teis interés en recibir os próximos dous números da revista, fotocopia este cupón y mándalo por correo cos datos que che pidimos a **ENTRAMBASAUGUAS**, Academia de la Llingua Asturiana, Apartao 574, 33080-Uviéu, ou por fax al número (98) 522 6816.

Nome y apellidos \_\_\_\_\_

Direición \_\_\_\_\_

Código Postal \_\_\_\_\_ Lugar \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_ Fecha \_\_\_\_\_

firma

# Empezo



Foto de portada  
Úa caleyá de Candosa  
(Castropol)

Edllo  
Secretaría Llingüística del  
Navia-Eo

Este número  
d'ENTRAMBASAUGUAS  
cunta col patrocinio das  
conceyos de Castropol,  
Cuaña, El Franco, Navia y  
Tapia.

Colaboran  
Benxamín Méndez  
Jesús González  
Ángel Herrera  
Manuel García "Galano"  
Ánxel González

Correo y colaboración  
Academia de la Llingua  
Asturiana  
Apartao Correos-574  
33080-UVIÉU  
Tlfn.: 98 521 1837  
Fax: 98 5226816

Diseño  
Entrambasauguas y  
Satsang® • A Velgo  
Tlfn.: 98 547 6162

Fotomecánica  
Gradascan • Xixón  
Tlfn.: 98 539 1487

Imprime  
Gráficas Ribazán • Navia  
Tlfn.: 98 547 3680

Depósito Legal: AS-2103/96



Esta revista ta feita con  
papel reciclado 100%  
RECIPLUS de 90 grs. y  
135 grs. na portada



ENTRAMBASAUGUAS era ún dos  
xeitos de chamar na Edá Media  
ás terras máis occidentales  
d'Asturias. Úas terras fronteirizas  
ben estremadas polos ríos Navia  
y Eo tal como amostan os  
documentos: "desde la agua  
de Navia ata la agua de  
Ove". El río a cada llao, el  
augua como referencia. Nun é casualidá qu'einda  
hoi, a os da veira dereta del Río Navia, se yes sigue  
chamando d'alló del augua ou del outro llao  
del augua. Úas terras occidentales unde s'herma-  
naron tradicionalmente os trazos astures y os trazos  
galaicos y unde a conciencia de fronteira sempre  
tuvo mui presente na personalidá da súa xente, pero  
tamén unde el sentimento d'asturianidá se defendeu  
con máis forza.

Dende estas terras y polos sous camiós imos  
empezar a andar cua revista ENTRAMBASAUGUAS.

ENTRAMBASAUGUAS nacéu como necesidá y  
como obrigación. Necesidá porque a variedá llin-  
güística falada entre os ríos Navia y Eo, tan viva  
entre nós, precisa tamén d'un reconecemento públi-  
co, d'un uso digno y sin prexuícios noutros ámbitos  
diferentes dos informales ou coloquiales y por eso a  
revista quer valer d'aveiro pra toda aquela xente  
que quira ver escrito el que se fala na cocía, nel eiro  
ou nel camín. Obrigación porque  
ENTRAMBASAUGUAS vai tar coordinada pola  
Secretaría Llingüística del Navia-Eo, un departa-  
mento qu'a Academia da Llingua Asturiana criou  
despóis de qu'el Goberno Asturiano ye encomenda-  
ra, como a súa máxima institución llingüística, pro-  
mover y velar pola variante llingüística gallego-astu-  
riana.

Al cabo, ENTRAMBASAUGUAS quer ser un espacio  
aberto, un sito unde se poda escribir das nosas cou-  
sas pero na nosa fala, un elemento máis na recupe-  
ración llingüística y cultural d'estas terras da  
Asturias occidental.

Nun é pequeno el trabayo que nos aguarda pero  
tamos con agayo pra botar a andar y esperamos  
cuntar con vós pra fer d'emparzao este llabor.



Foto: ASTUR PAREDES

# CASA *del tipo* PORCIA-NAVIA

↓ Benxamín Méndez

**E**ncóntranse inda casas d'este tipo nas villas (A Caridá, Navia, inclusive en Lluarca), ás veces emparexadas o en grupos de tres, aunque por esas fechas e'mpezaron a medrar y a ferse cada vez más casas de más calidá.

Encontrámoslas tamén por parexas en cabezas de ponte como L'Espín, en Valdeparés, en Arboces, en Villapedre ou en Serantes.

El más normal é que tían solas ou con dalgún cabanón, pagar ou cabazo pegao. Quedan inda muitas nos poblos.

## El auxe del cambeo de siglo

Pa poder entender por qué hai tantas casas d'ésas temos que pensar qu'a pobla-

ción llevaba dalgús anos medrando sin pestes nin fames grandes, qu'entonces os portos de Navia y El Porto (ou Viavélez) traficaban muitas mercancías, que muita xente iba a América y tría dalgús cuartos, que se fixeron carreteras (a xeneral y outras), que se ye sacaba más proveto á terra, qu'había más gao vacuno, que s'empezaban a prantar y a vender pinos, etc.

A xente xa iba á escola y sabía ller más ou menos. Os què vían de Cuba trían outros hábitos y vían avezaos a vivir más a gusto. A xente tía más cuartos y tía modelos de casas que copiar (as dos indianos, por exemplo).

Tamén, como en toda a Europa Occidental, empezaron daquella a terse en conta a hixene, el muito fumo qu'ha-

*Nel occidente d'Asturias temos muitas cousas, aunque xa van quedando menos, que dan conta del que foi a zona, que son as nosas "señas d'identidá".*

*A fala é úa d'ellas, y destacada, pro se miramos un pouco inda encontramos outros valores patrimoniales. Ún d'ellos son as casas; as casas solas ou as casas coas corradás, cos cabanóns, cos pozos, coas hortas.*

*Aquí vamos falar sólo das casas, y non de todas. Falaremos das casas que se levantaron nos últimos anos del siglo pasao y na primeira mitá d'este, das casas que se fixeron nos conceyos costeiros entre os ríos Negru y Eo, aunque a mayor parte tán entre el Navia y el Porcia. Entre estos dous ríos hai casas d'úa feitura con orixinalidades, que chama el atención. Por eso ye damos ese nome, a falta d'outro miyor.*




Figura 1. Dalgúas variantes da fachada principal

bía nas cocías, el mal qu'ulían as vacas ou os cochos al pe da xente.

Outros puxeron xunta a carretera nova tendas d'ultramarinos. Tampouco nun yes valían as casas veyas baxas, con ventanos sin cristal en vez de ventás. As casas foron, sin duda ningúna, señal dos cambeos.

### A fachada

Hasta entoncias nun importaba cómo era a casa por fora. Tanto as casas grandes de cuatro auguas como as casas más probes dos *bodegueiros* cobixaban xente, gao, apareyos, ferramentas y cuase todo conto as familias tían. Col auxe d'entoncias, pensaron en aparentar y podían fello.

A fachada da entrada principal empezou a ter un trato especial y a destacar entre cabanóis, montóis de lleña ou varaes. Un eixe de simetría fórmanlo a porta, el balcón y a galería ("*buardillón*") (Figura 1). En búa parte das casas fixeron úa ventá a cada llao da porta y outras dúas iguaes a cada llao del balcón; a os llaos da galería dúas ventás más pequenas ou dous ventanos se el desván nun era mui alto. As ventás pintábanse de verde cuase sempre; d'azul as das casas más cerca del mar.

El balcón fíase a paño nas casas más probes y con voladizo de forxa nas más ricas. A galería era el güeco más grande, pa dar sol al desván, y zarraba con foyas en guillotina. En casas ricas poñían outra galería al norte y dúas ventás aparecidas de grandes a levante y a poñente. El último piso da casa tía qu'aguantar menos peso, as paredes eran más delgadas conto más p'arri-

ba y tamén por eso podían ferse más grandes os güecos.

A fachada principal miraba cuase sempre al mediodía; sólo condo a casa taba pegada á carretera xeneral tía fachada p'hacia ella. Esto pasa, por exemplo, na Caridá, unde fain fileira casas d'este tipo. A fachada sur era a que más tía que chamar el atención y tamén a que tía que ter más cristales pa miyor aproveitar a luz natural.

Nun faltan casas del tipo Porcía-Navia que miran pa dalgún río, como pasa nas qu'hai subindo dende L'Espín p'hacia Bual.

Houbo y inda se conservan abondas variacións del esquema (Figura 2). Cambiaba más ou menos según el tamaño da casa, ben porque había más cuartos pa fella, ben porque nun se sacaba a cuadra das vacas fora da casa, ben porque parte del baxo valise pa tenda. Pro sempre procuraban qu'esa fachada sur tuvese simetría, y esa era úa novedá na zona.

### El texao

Buscar a simetría da fachada nun é, sin embargo, úa cousa rara na Asturias d'aquellos anos. Más novedá é a forma da cuberta.

Seguramente pa rebaxar el azote del vento (sobre todo dos vendavales) fíxose un texao orixinal, con alas recortadas nos extremos das dúas auguas y sin augüeiros.

As casas daquela eran muito más altas qu'as veyas. Pinta lóxico que ye tuveran medo al vento que sopra con forza sobre todo na rasa, cerca del mar.




Figura 2. Fachada mediodía, pranta baxa y piso primeiro (dibuxo d'Ástur Paredes según borrador orixinal de Benxamín Méndez)

ENTRABASAGUA

Contra el vento solían poñerse tamén xógaras nos bordes del texao. Así aguantaban miyor as llouzas, dalgo menos gordas que nas casas más antigas. El vento pode esplicarnos tamén por qué nesta zona son raros os corredores que tanto abundan en toda a rexón.

### A casa por dentro

Na fachada mediodía taba a porta principal, en cuarteróis y, ás veces, con úa gateira. Polla porta entrábase nun pasillo, que primeiro foi sito alxeito pa herba, ferramentas, galochas, etc. y, más pa delante, distribuidor.

Nel fondo solía tar a escaleira. Debaxo d'ella podían guardarse as patacas ou fer de despensa pa productos varios. Nel primeiro descanso solía tar a porta del escusao ou cagadeiro, se lo había.

El más fácil é qu'as casas fosen cambiando cos costumes. Así, puido ter cuadras dentro que despós convertíronse en cuarto de durmir y comedor, anque inda hoi éste úsase más ben pouco. Al cabo, foi ún dos señales d'ostentación y de cómo os tempos foron cambiando, primeiro pa us que pa outros.

A cocía siguiú sendo a peza principal, tanto nestas casas como nas más veyas. Pro foi deixando de ser cocía de llareira; as cocías de fundición impuxéronse pouco a pouco.

Como a casa medraba pa riba, el escano foi deixando de ser cama y tabique además de mesa y arcón. A gamayeira desapareceu, el forno pasou a úa bodega aparte y os fregadeiros empezaron a ter un sito.

Nel piso primeiro, a sala copaba el balcón y úa ventá a lo menos. Nun coinciden as ventás col reparto del interior. É un señal más de que vei importando el aparentar, non sólo el sobrevivir. Con todo, as muyeres van especializándose y vei aumentándose el trabayo.

### As funciões

Cambían as casas, cambían os costumes. El occidente vei entrando na modernidá. A pranta baxa vei quedando pa cocía y comedor. A xente qu'antias durmía undequera quer miyor pa eso, cada vez más, a primeira pranta. Parte da sala tabícase pa cuartos con ladriyo y as alcobas separadas del resto por casqueiros ou por res-tras de meiz pasan á hestoria.

El desván alto y ventoliao sucede á sala como almacén de comida (patacas, fabas, meiz, xamóis, etc.).

El antigo cuarto de sala pasa primeiro a ser el llugar de banquetes, de xogos ou de costura... despós acaba nun sabéndose ben pa qué vale, sobre todo condo a cuadra das vacas deixa paso al comedor y salen da casa el cubil dos cochos ou el gallieiro.

A modernidá vei imponéndose, os edificios especialízanse, as estancias toman funciões ben definidas y el campesinao del occidente d'Asturias miyora pouco a pouco ou emigra.

### A casa Porcía-Navia hoi


Cambían os usos, cambían os materiales y cambían os gustos. Eso pasa sempre y nos últimos anos volve a pasar muito, como ocurriu a finales del siglo pasao. Por eso, el modelo de casa da que falamos, propio da nosa zona, vén perdendo importancia numé rica.

Inda son d'ese tipo en muitos lugares alrededor da cuarta parte das casas. Pro muitas tán sendo tresformadas.

Defórmanse as galerías. Quítanse as alas recortadas dos texaos y poinse dalgús augüeiros ben grandes. A madera das ventás cambiase por aluminio. Hasta hai quen pon texadíos enriba da porta d'entrada. Nun faltan as casas pintadas de colores raros nin as abandonadas.

Con estas y outras cousas tamos perdendo dalgo qu'é parte da nosa hestoria d'hai ben pouco. Noutros países que temos por más modernos y que son más ricos poin bon cuidao en conservar as casas como parte da súa tradición. Y nun conservan por conservar. É un feito demostraio qu'a esa tradición pode sacarse y úa rentabilidad económica.

Agora que vamos ter cada vez más visitantes debemos poñer más cuidao nesa conservación, senón os nosos lugares y villas acabarán sendo igual qu'outros muitos y teremos derrochao y desperdicio non sólo el noso patrimonio senón tamén dalgo que nos países más avanzaos é tamén fonte d'ingresos.



DIRUBO ENTRAMAS SAUGUA

NOTA: Este pequeno trabayo ta sacao mayormente d'un libro unde se estudian estas y outras casas, *La Marina Occidental Asturiana* (OikosTau, 1993, pp. 190-198), publicación da tesis doutoral del autor.

# OS MONTES

*Un recurso que nun podemos esquecer*

✦ Jesús González Gayol

*D'aquí a unhos anos os nosos montes poden tar chíos de toxos ou chíos de castañeiros. Todo depende del determín dos labradores y, claro ta, da política forestal del Goberno y dos conceyos. Jesús González Gayol, técnico agrícola con abondos anos d'esperiencia ás costas, bríndanos el sou ver acerca da importancia da reforestación, un asunto qu'é fundamental prá mantención da economía rural y da natureza que ye dá el sustento.*

**A**gora temos unha búa oportunidade pra contribuir á miyora del medioambiente y pra criar riqueza, se s'aprovetada el aprio Programa Forestal que puxo en marcha a Administración nos últimos anos.

Os montes non sólo axudan a manter miyor el medioambiente senón que tamén son básicos prá conservación da vida animal, del tarrén y pra lutar contra a erosión. El gran beneficio qu'aportan na miyora da calidá del augua y del aire failos imprescindibles del todo pral equilibrio ecolóxico y prá vida del planeta. Del mesmo xeito, os montes son fundamentais pra menguar os efeutos da sobreexplotación de dalgunhos dos recursos que train consigo os destrozos ecolóxicos producidos polas industrias y polos monocultivos intensivos.

Estos factores tein muita importancia nos nosos conceyos xa que, por causa del relieve y del miyo que chove, tán sometidos al peligro da erosión se nun cuntan con unha vexetación alxeito que teña pola terra y la defensa del efeuto del augua al chover y arroyar.

Peró ademáis os montes son tamén unha fonte de riqueza que podía tar muito miyor aprovetada del que ta hoi en día. Del monte, amáis da madeira, tamén se poden sacar outros muitos productos qu'hasta agora usábanse pouco: frutos (castañas, noces, cereixas, arandos), mel, setas, pasto, herbas melecieiras, gacela, caza, etc. Y non sólo eso senón que tamén podía valer pra potenciar el recurso turístico de búa calidá y interesao na natureza.

As búas condicións agroclimáticas que temos axudan á medría dos montes, pero pra qu'esto se día é fundamental que todas as actuacións relacionadas con elos se racionalicen. Esa misión tense que levar alante tanto polos labradores y amos dos montes como por parte das entidades, empresas y técnicos relacionaos col sector forestal.

Al tempo, os montes precisan del apoio y del cuidado de toda a sociedade xa que de todo el mundo depende que nun pasen mal por causa das queimas y que nun se vayan malograr con usos y aprovetamentos sin xeito. As axudas qu'agora concede a Administración pral fomento y miyo-

ra dos montes nas zonas rurales tían que valer pra precatar del gran potencial que ten el recurso forestal y pra qu'as novas prantacións se fixeran col miyor criterio posible.

Cua aplicación del *Plan Forestal Rexonal* quere triplicar a producción actual de madeira, aumentar cuase el metá da superficie arbolada y amañar úa gran industria tresformadora propia, cousa que tamén iba valer pra criar un número curioso de postos de trabayo.

Vendo a importancia que ten prá nosa comunidá el monte y sendo sabedores del potencial que ten como recurso, é fundamental complementar y acompañar estos intereses d'un xeito integral, polo qu'é precisa a colaboración de todos os beneficiarios que, al cabo, son a sociedade entera.

A reforestación ten que valer pra conservar y miyorar el medioambiente y pra dar resposta á demanda de productos forestales, pero sempre que se mire pol equilibrio da biodiversidá, quere decir, que nun se tenda al predominio abusivo d'unha sola especie acabando cuas diferentes especies propias da zona. As repoblacións é necesario feilas d'unha manera axeitada y pra eso resulta fundamental escoyer ben as especies, botar mao de prantas de búa clas y feir ben as laborías de prantación y d'atención posterior.

Del mesmo xeito, é preciso que toda a comunidá, y en xeneral toda a sociedade, sía consciente da importancia que ten el atayar y lutar contra as queimas dos montes.

As queimas producen muitas pérdidas na madeira dos montes, nel tempo que botan os árboles en medrar, nel emprego da mao d'obra pr'atendelos y tumbalos, etc. Pero tamén provocan unhas alteracións mui serias nel medioambiente, xa qu'al queimar a flora el tarrén nun ten con qué tornar a erosión, perde el equilibrio natural cua fauna que vive nela y, nel caso de que s'amañara outra capa vexetal, iba ser distinta da qu'esistía antes —que se fora amañando y mantendo armónicamente al largo del tempo— y vai significar unha alteración del ecosistema natural.

El gran potencial y el gran servicio que nos fain os montes tense que ver y valorar en ciclos largos de tempo y eso tennos qu'obligar a esforzarnos en feir as cousas racionalmente y con xeito y en cuidalos con muito afán, porque perdelos supón sempre un *desastre* que nun podemos deixar que pase.

# A ESCOLA de MÚSICA y DANZA Tradicional de Tapia

✦ Ángel Herrera Gutiérrez

*En outubro del ano 1995 botaba a andar en Tapia a Escola de Música y Danza Tradicional. Un proyeuto presentao al Conceyo por un peteiro de xente dedicada dende hai abondo tempo a estas custioís, consiguíu el apoio das autoridades tapiegas y, cua subvención correspondente da Conseyería de Cultura, as actividades empezaron a funcionar. Tres profesores y us locales cedidos pol Conceyo sirven d'infraestructura pra esta guapa iniciativa.*

*Ángel Herrera, profesor de Baile y Danza Tradicional que, xunto con Rosa Vigil, lleva trabayando por estas terras dellos d'anos, cúntanos cuáles son os sous esmolementos sobre a cultura tradicional y esplícanos el funcionamento da Escola.*

**S**e falamos d'Escolas de Música y Danza Tradicional antias hai que fer úa referencia a qué se busca cua súa criación y posta en funcionamento.

Primeiro de nada, ¿qué é eso de tradicional? —porque lo d'escola de música todo el mundo lo entende —.

Pois ben, dende hai muitos anos, hai úa serie de xente que sempre crimos qu'había que defender y tresmitir a cultura qu'os nosos maiores nos foron legando y que, por desgracia, vai desaparecendo a úa velocidá muito mayor del que se podía pensar nun principio. Pra llevar pr'alantre este proyeuto é mui importante empezar dende os máis novos da casa pra iryes ensinando qu'el qu'os nosos bolos aprenderon de sous bolos hai que tentar de conservallo, tresmitillo ou, a lo menos, conocello. Tamén hai que feryes ver qu'esa cultura, anque s'aprenda de xente que, as máis das veces, nun ten estudos académicos, non por eso é menos importante. Y máis se nos precátamos de qu'os estudiosos da "Cultura" con mayúsculas botan mao da cultura popular —querse dicir, del saber da xente —pra sacaren despóis as súas

conclusioís sobre a forma de vida dos nosos antepasaos.

Máis que nada, el que tentamos de fer é que se dían conta de qu'un poble, sin un legao cultural detrás que ye día esfouto, queda valleiro de contenido pra brindar ás futuras xeneracioís. Dito noutras palabras, é ben importante conocer a nosa propia cultura y as súas diferencias con outras vecías pra poder comparallas y enriquecerse con ellas.

¿Cómo ser quén a fer todo ese llabor? Esta pregunta ten úa resposta clara: ensinándoyes dende el empezo a estimar el d'ún, sin que teñan nunca que sentir el d'ún (por propio y común) como daqué que nun interesa ou que, nel pior dos casos, yes poda parecer que nun ten nengúa importancia (polo que ten de cousa de cadaldía) nel desarrollo da súa vida y a dos sous fijos.

A cultura que nos van tresmitindo de xeneración en xeneración y a que despóis nosoutros imos enriquecendo cua nosa aportación, vai amañando el xeito de ser dos que vivimos nos diferentes poblos ou áreas culturales, consiguiendo que con esos pequenos matices que nos



estreman d'outras zonas vecías vaya entrando a formar parte da Hestoria que conforma todo desarrollo posterior dos poblos.

A través da *Escola de Música y Danza Tradicional* el que tentamos de fer é qu'ese coñecemento nun se perda y sépamos da forma de ser y d'actuar das persoñas que nos precederon. Pero queremos que con ese coñecemento nun váyamos a caer en equívocos folclórico-festivos. Querese dicir, nun nos conformar con qu'as persoñas qu'asisten ás diferentes materias que se dan na escola queden puramente nel anecdótico ou nel superficial, senón qu'afonden nel coñecemento da cultura tentando de chegar a lo máis fondeiro d'ese coñecemento.

El noso oxetivo final nun é qu'a xente aprenda a tocar a gaita, el tambor, el pandeiro, ou qu'aprendan us pasos de baile. Non. El que queremos é que, aparte d'a tocar ou a beilar, aprendan a comprender y estimar todo el que se relaciona cua cultura tradicional.

Por exemplo, a través da enseñanza del noso folclore, da mitoloxía, dos costumes, da roupa, das festas anuais (matanza, navidá, antroido, San Xuan...).

Nun queríamos qu'úa Escola de Música y Danza Tradicional fora namáis un sito del que salían gueiteiros, bandas de gaitas ou grupos folclóricos. Nun é ese el noso fin. El que buscamos é que todo el que pase pola Escola salia d'ella con un coñecemento das distintas materias que s'imparten pero qu'ese coñecemento sía a través del razonamento de por qué se beilaba, por qué se tocaba a gaita. Que sían sabedores de



Un momento d'úa actuación del grupo A Fontenova de Tapia.

que beilar ou tocar a gaita é máis que dar brincos ou saber tocar el Xiringüelu, qu'el que van aprender é el legao cultural qu'os nosos maiores nos deixaron d'un xeito xinxello y sin espaventos pero que conforma todo el saber qu'ellos nun tempo foron axuntando.

Pr'acabar y deixarse de filosofar hai que dicir qu'a Escola de Música y Danza Tradicional é el empeño que temos dalgús en qu'as nosas tradicións se podan aprender d'un xeito divertido sin acabar sendo a Escola —como pasa en muitos casos— un sito unde s'imparten coñecementos pero qu'al cabo esquécense sin deixar rastro.

Tampouco nun queremos esqueicernos nosoutros de dar ánimos a os distintos Conceyos da zona máis occidental d'Asturias pra qu'amañen as súas propias Escuelas de Música y Danza Tradicional, pra que dende ellas se tente de recuperar ou salvar un pouco del que queda das nosas tradicións. Cada día que pasa pérdese un pouco d'esa hestoria de todos os días que da xeito á nosa Cultura Tradicional.

El esquema de funcionamento da Escola, al tar empezandó, consta de tres apartaos ou materias que s'imparten neste primeiro curso:

- Clases de Gaita, con tres asignaturas: *Gaita, Llinguaxe Musical y Folclore*.
- Clases de Baile y Danza Tradicional, con tres asignaturas: *Baile y Danza, Canción, y Instrumentos y Folclore*.
- Clases de Tambor, con tres asignaturas: *Tambor, Llinguaxe Musical y Folclore*.

Como se ve hai úa asignatura común a todas, qu'é el Folclore. Nun fai falta volver alló sobre el que se dixo máis antias da importancia da cultura tradicional na enseñanza das distintas materias que fain el núcleo da Escola.

A Escola ten trazao ir metendo novas materias pra enseñar, como é el caso dos instrumentos tradicionales (acurdión, violín, clarineté, etc.).

Pol momento as clases de baile tán dándose nel polideportivo das Escuelas de Tapia y as de teoría y gaita nel baxo da Casa da Cultura pero hai a idea por parte del Conceyo tapiego d'amañar un local —cuntando cua subvención da Conseyería de Cultura— unde se poda ter úa sala pral baile, cabinas individuales pra gueiteiros, un aula pras clases teóricas, outra pra audiovisuales y úa sala de profesores.

Hai muitas esperanzas de que nun quede todo en augua d'ovos y que pral curso que vén se poda pensar en cuntar con un local estable y con todos os medios precisos pra qu'a Escola funcione nas miyores condicións.



# A NOITE de SAN XUAN

*Albeiros, fogueiras, encantadas  
y flores de binteiro*

↓ Entrambasaugas

*Poucas noites hai con máis actividá qu'a noite de San Xuan. Poñer a veyá, fer a fogueira, enramar a fonte, adornar portas y ventás, roubar carros y grades, ir buscar a flor del augua y úa chía de cousas máis pra pasar a noite máis curtia pero máis guapa del ano.*

**T**ense escrito muito da noite de San Xuan. Cada vez que chega a fecha, na prensa, na radio y na televisión fainse reportaxes y hasta coloquios pra falar d'úa das noites máis simbólicas y chías de significaos: a del ventitrés de xuno.

Son éstas úas fechas d'empezo y d'acabo. Morre a primavera y entra el brao pero tamén empezan a meguar os días y a allargarse as noites. Pinta evidente qu'antigamente, pra úas sociedades rurales que s'enfrentaban cadaldía con úa natureza da que dependían por completo y cua que tían que tar a ben,

esta fecha tía que ser un momento fundamental.

Crecias relacionadas col sol, col fougo, col augua, cos árboles, chegaron hasta os nosos días dende épocas prerromanas d'hai muitos miles d'anos, mezcradas, reintrepretadas y tresformadas cuas diferentes aportacióis culturais que foron chegando ás nosas terras, fundamentalmente cua conquista romana y cua chegada del cristianismo.

Anque os ritos tradicionales vayan desaparecendo cua sociedadá moderna, einda conocemos, úas veces vivíndolo y outras sintíndolo de boca dos máis veyos, un feixe d'heitorias y costumes

*volver mecer as vacas*", recorda úa muyer de San Xuyán (El Franco).

Ta claro qu'el augua é ún dos elementos centrais d'esta fecha. A *flor del augua*, a primeira augua que se coye da fonte na mañá de San Xuan, dizse que ten poderes curativos porque ta bendita pol santo. Muitas mozas tentaban de chegar as primeiras pra coyella però sólo úa lo conseguía. Pra señalallo, deixaba un ramo de binteiro nel augua, ou un mañuzo de flores. "*Os demás ir iban, pro nun llevaban a flor del augua*", diznos outra muyer mayor de San Xuyán que de seguro ten coyido ben veces el líquido máxico. Esa augua tíanla por muito búa pra peñarse y llavarse y sempre podía valer pra dalgún mal nos ojos ou nel peleyo ou pra meleciar dalgúa vaca amalada. Ademáis, "*aguantaba ben todo el ano porque taba bendita*".

Tamén el augua d'esta mañá s'usaba pra fer el pan. Se s'amasaba con ella dicíase qu'el pan espillía solo sin falta de formento. "*Amasábamos esa augua con un pouco de farina de meiz y espillía. Tirábase el formento del ano y renovábase*", cúntannos en Villalmarzo (El Franco) mentres atesan qu'a cousa funciona de verdá y qu'el pan subía.

A fonte, como é natural, era un sito central d'ese día. A



Dibuxo: ENTRABASAGUAN

relacionaos cua noite de San Xuan.

A rosada de San Xuan atribuíanse poderes melecieiros. Eran muitas as mozas que s'arrebollaban nos praos esa mañá na fe de qu'era muito bon pra cuidar el peleyo. "*Acórdome d'ir polla mañá ben cedo, antes de que s'erguese el sol, a botar el gado que llambese a rosada y salir allindar anque houbese que*

moce dá enramaba a fonte del llugar con espadanas y flores. Na Fonte da Teixeira, en San Xuyán, hoi abandonada y cause tapada por úa pista da concentración parcelaria,

tamén se fía. "*Llevábamos un cestao de flores de todos os colores y fiamos us altaríos de llama. Poñíamos as flores en cordóis y fiamos un cerco grande de todo atacao de florías guapas y despós semábamos d'esa espadana grande por todos os llaos. Espós fiamos úa fogueira grande que subía pol medio p'arriba y tábamos allí todos, mozos y nenas, núa festa*".

Na Fonte das Vertudes, al pe del Caroceiro (El Franco), a mañá de San Xuan era tamén el momento condo dicían que s'aparecía un encanto, úa moza llavándose nel augua y peñándose con un peñe d'ouro. Tamén en Llobredo, na Fonte Moura, cuntan que s'aparecía úa princesa encantada y hasta cavaron allí buscando un telar d'ouro. Mui pouco fondos tían que tar os tesouros porque cerca d'allí, nun sito que chaman Carrizo, en Picualto —el alto del cordal de Penouta que ta derriba de Llobredo—, había úa grade d'ouro que, se pasaba por allí el gao el día de San Xuan, mancábayes os pes.

En San Xuyán, a misa y a novena de San Xuan fianse na mesma fonte. Pero non todo era ir a misa, porque os mozos xa empezaban a fer trasnadas condo se fía de noite. Por dalgo era a *noite dos albeiros* ou *dos debeiros*. A aquel vecín máis raro y que menos gracia tía pr'aguantar as albeiradas, a ése ye iban roubar el carro ou a grade pr'aporondallos de dalgún árbol ou deixallos en cualquera sito por ei mangaos. As albardas, os garruchos, as cancellas, todo podía desaparecer esa noite. "*Nun quedaba nada. Salía todo atacando demonios. Dios nos llibre de que quedase un caldeiro fora. Había que recoyer todo pro ben recoyido. Xa ten sido vez d'abrir as portas das cuadras y ceibar el gao nas cuadras y polla mañá ter el gao pacendo sin el amo sabello*".

Os mozos guardábanse ben. "*Víamos as panteinadas feitas pro ellos nun parecían*". Tía que ser digno de ver cómo quedaban os árboles engalana-

os al outra mañá. *"Había cereixeiros por entremedias dos eiros todos por esa senra alantre. Y todo colgao: as grades de gradar, os vasadoiros, as carretas, os ganchos dos burros, úas angareñas qu'había de sacar el cuito... Todo. Nun quedaba cousa. Ben d'ellos andaban al outor día en busca dos cacharros pol pueblo todo, que nun los topaban nayundes"* recorda divertida úa muyer de San Xuyán.

Dende durmir nel carró hasta velar detrás da ventá toda a noite, todo era pouco pra quitar de qu'a cuadriya de mozos che levaran as arabías. En San Xuyán habíalos mui espeditivos. *"Había úa peisana aquí que coyía un caldeirao de penedos á tarde pra dentro da casa y poñíase núa ventá pra zumbar cantazos. Inda houbo quen llevóu dalgúa pedrada"*.

Nun acaba aquí el repertorio d'actividades pra San Xuan. Outro personaxe fundamental era *a veyá*, ou *el veyo*, un espantuyo que se poñía nas terras con un garrucho fendo como que sachaba. El que nun acabara de sachar pra ese día xa podía poñerse a rabiar porque al outra mañá iba ter un axudante especial fendo como qu'escarrapataba na terra. Según cuntan nun había cousa que máis rabia y vergonza dera que che puxeran el veyo. Y non sólo era el veyo senón que tamén ye poñían colgando un lletreiro con cousas como *"Trabaya, folgazán, qu'as herbas cúmenche el pan. Inda nun diche úa garruchada nin parecen nel eiro pra nada"*.

Nel Caroceiro tamén se fía un espantuyo pero tía outra

finalidá. Aquella noite, ás escondidas, xuntábanse dellas de mozas y amañaban un muñeco de paya. Despóis poñíanye un lletreiro col nome d'un mozo que gustara a dalgúa moza y levábanyo á porta pra ferye de rabiar. Allí deixaban el home de paya con úa cayada y quedaban amatagadas velando pra rirse y ver cómo a moza corría a meter prá casa el home de paya antías de pasar a vergonza de que yo viran na porta. *"Paequé tuviche anoite al mozo na porta, ¿nun é?"* dicíanye chanciándose al outro día. El caso era fer un pouco de xirigonza.

En Sueiro —tamén nel conceyo del Franco pero xa pegando col de Tapia—, nas casas unde había mozas, poñíanye un palo na porta pra que saltara al abrir pola mañá. El asunto dos amoríos y a cortexadaireira sempre andaba rondando nestas bromadas.

El lume, el fougo, é outro elemento central na noite de San Xuan. En cada poble, en cada barrio, a moceda amañaba úa fogueira que levantara máis que nengúa outra. De noite, al pe d'ella, era el momento das risas, das cántigas, d'enredar... y de saltalla. Y é que saltalla daba salú y quen nun la saltaba, como nos dixeron en San Xuyán, nun se casaba. En Villalmarzo inda s'acordan del que se dicía da que se pegaba el brinco. *"Saltote fogueira de San Xuan. Que nun me dola dente nin mola nin me vexa mal de fora"*.

As fogueiras non sólo se fían comunitariamente senón qu'en cada casa fíase úa fogueira na porta da corrada.

Desque taba apagada, pola mañá, todos os da casa, xente y gao, pasaban porriba da cinza *"pra queimar as bruxas"*. É verdá qu'agora todo el mundo diz *"Boh, son bruxas"* pero daquela era fundamental botar mao de todos os elementos naturais —augua, llume, árbol— dotaos de poderes sobrenaturales, a lo menos nas crencias das sociedades tradicionais.

Xa se falóu da flor de binteiro y dos sous poderes nel augua pero tamén esa pranta s'usaba pra máis cousas. De noite, antías de que los vise el sol, as mozas iban a os binteiros a cortaryes canías en flor pra adornar as casas apondándolas das regrechas qu'había entre as pedras da parede. *"Agora nun se fai. Como as casas tán de plaqueta..."*, dicennos con muita lóxica en Villalmarzo. As portas y ventás tamén se yes fía cadasúa cruz, pintada ou féndola con rama de binteiro ou tamén d'oliveira.

Hoi pouco queda de todos estos costumes de San Xuan. Se acaso, dalgúa conceyalía de cultura ou dalgún grupo d'hosteleiros pode organizar úa fogueira y a xente de seguro que vai ir a ella buscando un pouco de diversión y, por qué non, dos elementos máxicos qu'einda flotan nesa fecha. Pode que se perdera el significado último da noite de San Xuan porque xa nun hai qu'asegurar con invocaciós ás forzas da natureza qu'a greiza ou el rayo nun acaben cua coyeta de trigo ou cua vida da vaca que ta nel monte. Pero son muitos miles y miles d'años de tradición y a tradición é necia. Por eso, en cada poble, en cada barrio, os nenos siguen xuntando trastes veyos pra queimar nel campo del llugar y, ademáis, cuntóunos un paxarín da barbía marella qu'einda hai dalgúa muyer que, todas as mañás del venticuatro de xuno, ponye al home un ramín de binteiro nel espeyo del coche. Non todo ta perdido.



Un

# TRUITO

↓ Manuel García "Galano"



**Q**u'el macho da gata é un gato, qu'el d'úa cuza é un can y qu'el d'úa galía é un galo, sabíalo eu ben dende qu'era pequeno. Pro qu'el d'úa truita fose un truito.... nun m'entraba a min na cachola. Por eso ye pidín explicacióis a meu padre aquel día dos Mártires nomáis sentarnos á mesa pra xantar; úa mesa qu'ese día s'estiraba pra que coupésemos os da casa y os de fora.

Aquela mañá baxara eu da misa lamar de contento, presumindo delante dos outros rapaciós porque me deixaran os músicos de Ribadeo subir prá tribuna con eles.

É verdá que tamén ye levara el instrumento a ún dende A Roda, xa que falo d'un tempo nel qu'inda a carretera nun chegaba á igrexa y tíamos que fer el camín a pe y gatiar por aquela costa tan pinosa qu'hai dende El Pasadoiro hasta el campo da festa.

Nun iba eu enchipado nin nada col meu instrumento na mao al que de vez en condó ye tocaba as teclas con disimulo y bababa por bufarye na boquilla a ver si ye podería fer suar, anque a eiso nun m'atrevía por medo a qu'el músico que vía na veira de min podese anoxarse y quitarmo, cousa que me dolería muito.

Debéramos chegar á igrexa col tempo mui xusto, pois el que mandaba na banda —un músico con bigotós que tocaba el clarinete— dábayes lamar de présa a os compañeiros pra qu'abrisen os atriles, puxesen os papeles y tuvesen dispostos pra cantar a misa que debía de tar al empezar pol hora qu'era.

Y tía razón, porque inda ben nun dispuxeran todos os tarecos condó os tres curas, xa revistidos cos sous ornamentos, saliron da sancristía y puxéronse delante del altar pra fer os primeiros rezos. Nomáis velos, el músico dos bigotes díceyes nun tono mui mandón a os compañeiros: "*¡Un truito, un truito!*".

Y eso foi lo qu'eu nun entendín y tratéi de que mo aclarase meu padre mentras yes botaba el primeiro vaso de viño a os comensales. Tía eu présa en saber axina qué tería que ver un truito —por outra parte, úa palabra que nunca ouguira— cua misa, xa que nun fora quén a desurdilo solo nel camín de volta.

Nun foi pequena a cacarada de risa que botaron todos condó m'escuitaron el relato, y a vergonza que paséi eu delante da xente de fora que taba na mesa. Pro axina meu padre, mui imposto en cousas da música pois lo mesmo

tocaba a cordiÓN que cantaba na igrexa, me sacóu de dudas.

—Nun dixeron un truito, ho —contestóme—, nun puido el músico dicir un truito. Lo que dixo foi "o introito, o introito", qu'él lo primeiro que se canta nas misas, y como na fala de Ribadeo a primeira "o" d'introito é pechada, a ti sonóuche como "u". Foi eso.

Al pouco tempo a xente aturaba a xantar y xa yes esqueicera a mía pregunta y hasta algún d'elos tratóu de que nun me sintise dolido pola risa que yes deu.

Pro a quen nun m'esqueicéu foi a min, anque dalgo saquéi da cousa pois aprendín qu'introito quer dicir empezo.

Lo que nun chegaron a aclararme foi si había truitos.




Foto: DION

Llibros



XELÍN Y TOXO

- *Autores: Rafael Cascudo Noceda, Josefina Cascudo Sánchez, Carmen López Iglesias y Ángeles Loza Pérez.*
- *Ilustracións: Fran D. y Carlos García Sánchez Camín.*
- *Coleición Torbolín nº 3, Serviciu de Publicaciones del Principáu d'Asturies, 1995.*
- *79 páxinas.*



Despóis de muitos anos d'espera y d'esforzos por parte da xente que cría nél, al cabo conseguíuse publicar *Xelín y Toxo*. Un precioso llibro pensao pra os rapacíos que tán aprendendo a súa fala nas escolas de Tapia y Navia —iqué poucas escolas tein esa sorte!— pero tamén pra cualquera que quira conocer as aventuras de Xelín, un neno que vive núa villa marieira del occidente asturiano, y Toxo, un can de payeiro que se fai amigo del neno. En ventioito capítulos imos ir conociendo a os padres de Xelín, a sou bolo, a pesca, os traballos del campo, os árboles, el mercao, a fábrica de papel, a Navidá, el guinaldo, el Antroido, a galerna, a matanza, a neve, a volta ciclista, a fogueira de San Xuan, a praya y... el secreto. Ha viryes muito ben a os agayosos profesores que tán trabayando por ter abondo material didáctico pra asignatura voluntaria de gallego-asturiano.

Un bon regalo pra os nenos.

V Premio XEIRA

El pasao sábado 15 de xuno, nel Salón de Plenos del Conceyo del Franco, celebróuse a 5ª Edición da entrega del *Premio XEIRA de narracións curtias*. El premio llevólo Alfredo González Fernández, natural de Carbexe (El Franco), col relato "Laboría de brao". Tamén s'aproveitó el ocasión pr'acoyer un novo socio d'honor da asociación XEIRA, el xeógrafo de Cartavio (Cuaña), Benxamín Méndez García. El acto abríuse con música de gaita del país y pechóuse tamén con cántigas de Bual y Tapia a cargo das muyeres del grupo *L'Aniciu* de Mieres. A entrega tuvo presidida polos alcaldes del Franco, Tapia y Cuaña, y amáis cuntóu cua intervención del presidente da Academia da Llingua Asturiana.

Feria Campo-mar

Pra os próximos 16, 17 y 18 d'agosto hai un feixe d'actividades programadas en Tapia alreod da qu' é 4ª edición da *Feria Campo-Mar*. Habera regatas, convidadas de productos del mar, entregas de premios y homenaxes a os llabradores y marineiros de más edá, esposicións etnográficas, festival folclórico, corta de troncos, venta de queixos y... hasta se quer reproducir úa mayega das que se fian antano cua axuda da xente da Roda. ¿Fain falta más razóns pr'achegarse a Tapia?



Curso de brao

A *Sociedá Ibiense d'Amigos del País* nun para cuas súas actividades. D'esta volta, d'emparzao cua *Universidá d'Uviéu*, organizan un curso de brao dirixido pol xeógrafo Fermín Rodríguez Gutiérrez col título "El desarrollo en áreas rurales de montaña. Espectativas de desarrollo nel conceyo d'Ibias". As fechas son del 29 de xulio al 2 d'agosto y el sito unde s'imparte é a capital del conceyo d'Ibias, Santantolín.

Tradición en Castropol



Foto: DION

El pasao domingo 9 de xuno celebrábase en Castropol a xa tradicional procesión del Corpus, un acten de solemnidá pero tamén del colorido que ye dan os miles de flores, foyas, cáscaras y materiales de todas as menas que s'usan pra decorar estrando el recorrido. Un trabayo unde axudan todos os vecíos y que ten na noite del víspora el momento de más llabor. A guapura de Castropol alábase por si sola pero merez a pena conocer as súas calles engalanadas pra esta ocasión. Pra outro ano nun la pérdades.

A Veiga



A *Asociación d'Amigos da Veiga y del sou Conceyo* sigue trabayando agayosa por sacar alante os sous proyeutos. Un dos más cobiciosos é el de conseguir montar un Museo Etnográfico unde se poda amostrar toda a cultura material da zona: arabías, mobiliario, ferramenta, etc. Nun é pouca cousa y os esforzos tán dirixidos a ferse con un local alxeito y cuas axudas institucionales precisas. Esperamos poder dar más novias pra outra volta.

El movimiento

# VECINAL

## del CONCEYO de NAVIA

Quando los vecíos s'empezan a organizar

Foto: ÁNGEL ANDÉS

✦ Ánxel González

Los trabayos del movimiento vecinal esquéicense axina y nun aparecen reflexaos na hestoria de los poblos. Nun s'atopan entre aquellos acontecimientos consideraos importantes polos encargaos d'escribir la evolución hestórica de los llugares, villas y ciudades. Sin embargo pode dicirse qu'el movimiento vecinal foi un elemento básico que contribuíu a la *organización* y al *cambeo social* de los poblos y foi el punto d'arranque de llogros y miyoras sociales.

Las asociacióis de vecíos nun tentan sólo de dar solucióis a los muiitos *déficits* qu'hai, senón que, ante todo, favorecen el encontro y el trabayo solidario. El llugar, la villa, la ciudá, convirtíronse nun núcleo organizao, activo, nel que, xunta la movilización por un problema determinao, las asociacióis de vecíos trataron todos los asuntos de la vida diaria, dende la vivenda, la educación, la sanidá, el estao de las comunicacióis, las traídas d'augua... hasta la organización de las festas populares.

Las asociacióis de vecíos empezan la súa actividá entre los anos sesenta y setenta nos barrios de los alrededores de dalguas grandes ciudades, nun momento nel qu'el obxetivo de llograr miyorar las condicióis de vida de poblos y ciudades nun se podía conseguir se antes nun s'alcanzaban las llibertades democráticas.

Nel conceyo de Navia xurden entre los anos 1977 y 1979. Las asociacióis de vecíos d'Andés, Anleo, Navia, Veiga, Vigu, Villapedre y un pouco más tarde Cabanella, nacieron por causa d'un problema concreto en cada llugar. El sou punto d'empezo ta nas reivindicacióis populares que tenen que ser llevadas por úa organización que movilice a la xente delante de las administracióis públicas nun momento nel que los poblos taban abandonaos dafeito, sin saneamientos nin traídas d'augua, sin recoyida de basura, sin abonda potencia eléctrica, colos camíos en mal estao y xa nun digamos cómo taba la sanidá y la cultura... imiyor nun acordarse!

Esta movilización vecinal nun foi obra d'un grupo de xente islada, senón que cuntóu cola simpatía y el apoyo de la mayoría de los sectores sociales y muiitos profesionales colaboraron activamente nel asesoramiento y na realización de proyeutos vecinales. Fixéronse esperiencias mui importantes de participación de los vecíos y vecías al tratar los asuntos d'un xeito democrático, aportando solucióis y vindo la viabilidad de los esforzos feitos pol conxunto del vecindario.

Foi este un movimiento sin tradición cultural qu'establecéu úa comunicación fluida colos partíos políticos, sindicatos y medios de comunicación. Organizáronse internamente fendo vocalías, comisióis, reuníndose cola xente, publicando boletíos, fendo actividades culturales, recuperando los nosos costumes y tradicióis y tamén la llingua d'esta zona.

Nun momento nel que los conceyos taban en bancarrota foi preciso amañar escolas, xardíos, parques y camíos, llimpiar las prayas... Estos trabayos movilizaron muiitos vecíos y vecías que tenen asina la ocasión d'aportar la súa axuda y convertirse en *voluntario social* sin esperar más recompensa qu'el trabayo ben feito y la *solidaridá* colos sous vecíos y vecías. En fin, chegóuse a un modelo participativo que nun quedaba namás na reivindicación senón qu'asumía que las solucióis de los problemas son cousa de todos.

En 1979 constitúyense los primeros conceyos democráticos. El movimiento vecinal participóu nas eleccióis. Los resultaos nun foron los esperaos pero con un representante na Corporación las cousas empezaron a cambiar.

Por outra parte tamén s'empeza a superar el localismo y el islamento. Chégase a la conclusión de que los problemas son comúis a todas las asociacióis y que fai falta encariarse con ellos conxuntamente.

E obligao destacar el trabayo feito entre todas las asociacióis de vecíos, asociacióis de padres, sindicatos y partíos políticos col obxetivo de llograr úas instalacióis sanitarias dignas. Montóis de reunióis en Serantes, en Navia, en Uviéu..., con responsables de Sanidá, consejeros, alcaldes, Conseyo Rexonal d'Asturias, ministros, etc. Tamén se fixeron recoyidas de firmas, presióis de todo tipo, elaboración d'informes, documentos, mapas... Al cabo, un trabayo y un esforzo curioso de todo el mundo coordinao pola *Asociación de Vecíos de Navia*.

En 1983 fáinense las segundas eleccióis municipales. La xente más destacada pol sou trabayo nas asociacióis de vecíos entra a formar parte de los novos conceyos encabezando las candidaturas de los partíos políticos que coyen parte de las reivindicacióis vecinales.

Las asociacióis pasan pol sou momento pior. Úas desaparecen y las que son quén a sobrevivir van tardar abondo en recuperarse. Pero xa son *otros tempos*.

**D**icen qu'allí unde acaba el Arco da Veya, se vos poñedes a escavar, ides atopar un tesouro. Aquí nun vos ha fer falta botar mao de pico y pala. Sólo con abrir estas foyas dedicadas a vosoutros y a vosoutras, á xente miuda, ides encontrar el miyor dos tesouros: cousas escritas na nosa fala y feitas polos qu'han a ter da súa mao el futuro.

Aquí podedes enviar todo el que quírades: poesías, contos, dibuxos, cousillías, cancióis. Però sempre cua condición de que tía escrito como falamos nosoutros, como falan tous bolos y tous padres. Empeza coyendo un papel y un llapiceiro... y búa sorte. Nel Arco da Veya támoste aguardando.

*Dende a Escola "Príncipe d'Asturias" de Tapia chegóunos este conto tradicional que recoyeu úa nena de súa bola. Reparade na chía de cousas divertidas que podemos deprender dos nosos bolos. Inda quedan muitos contos nel caxón.*



## A raposa enganada

Era nel tempo qu'os animales falaban. Taba un home coyendo gancela nel monte. Entoncias díxoye a úa raposa que pasaba por alí:

—¿Qué, raposa, coyiche muitas galías?

Díxoye ela:

—Non, home, non. ¿Qué vou coyer, si en todas as casas tein can y tán os galieiros pechados, que nun hai quén entre nelos?

—Pos mira, ¿sabes cuál é a mía casa?

—Sei, home, sei, que la conozo ben.

—Pos mira, mañá ven hasta aló, que ch'hei dar eu us contos pitos, que temos muitos.

Conque al outro día pola mañá, foi a raposa a casa del home, que se chamaba Xan.

—Ben, pos aquí me teís, a ver lo que m'has a dar.

Conque él fixo qu'iba pal galieiro, metéuse núa bodega, coyéu cuatro cais y metéulos nun saco y dixo:

—Toma, levas pa tres ou cuatro días que comer. Son cuatro pitas, pero nun abras el saco hasta que chegues al medio da costa porque, como conocen a casa, poden volver pr'aquí.

A raposa iba pol camín y, subindo pola costa, iba dicindo:

—Chéirame a can, pero pitas serán, porque ese home a min nun m'engaña.

Conque abríu el saco y salen de dentro cuatro cais y a raposa nunca en apuro tan grande se víu. Ela corría conto podía y os cais tras d'ela. Ben ye valíu qu'había un pino y, como elas s'engarabitan por unde queren, consiguíu poñerse a salvo. Y dicía ela condo iba gatiando pol pino arriba:

—Arriba pernas, arriba zancas, que neste mundo todas son trampas.

*Aida Vares González (11 anos), de Tapia, recoyóulo de súa bola Lola Vijañde, que foi nacida en Vilavedeyo (A Veiga).*

*Os nenos y nenas de 6º da Escola "Ramón de Campoamor" de Navia enviannos este guapo relato feito entre todos prá primeira entrega del Arco da Veya.*

## Baxando El Río Navia

Nel monte más grande de la Conca alta del Río Navia, escondida detrás d'us artos, había úa cova mui fonda unde vivía un Cuélebre mui veyo.

Un día, pensando que xa vivira abondos anos cuidando tesouros y princesas, decidíu baxar el río hasta el mar y asina poder descansar los poucos días qu'él pensaba que ye quedaban.

Salíu de la cova y foise andando hasta la veira del río y despós d'atravesar montes chíos de fayas, bidureiras, sufreiras y salgueiros, atopóu úa parede tan alta y tan gorda que se deu conta que nun podía nin saltalla nin rompella. El Cuélebre asustóuse todo porque nun sabía qué podía ser aquello.

Miróu pa los llaos y brincando núa pena había un trasno ríndose d'él. El Cuélebre con toda la paciencia del mundo achegóuseye y preguntóuyé qué era aquello y cómo feiría pa pasallo.

—Nun t'esmolás, querido Cuélebre, esto é úa presa d'augua—contestóuyé el Trasnó— y you podo axudarte, pero antes tenes que dicirme unde deixache la túa cova.

—Ta ben— díxoye el Cuélebre. Anque como era tan veyo y casi nun tía memoria, esqueicéraye el nome del monte unde vivira tantos anos, pero inventóu úa hestoria y el trasno quedóu convencío.

El Cuélebre dudaba del Trasnó y díxoye:

—¿Cómo vas ser tu capaz, sendo tan pequeno, de pasar la parede, si you nun podo cola forza que teño?

—Ai, amigón, muitas veces lo más importante nun é nin lo que pesas nin lo que mides, sinón lo espabilao que s'é.

Namás acabar de dicir esto, y ríndose, el Trasnó salíu a correde-



llas hasta el caseto de la Presa, púxose na oreya esquerda del vixilante, entretúvolo un pedacín, calcóu nel botón encarnao y abríuse la gran porta.

El Cuélebre nun era quén a crello pero, sin esperar más y con toda la súa forza, remontóu el viaxe pol río.

Las auguas úas veces eran verdes y

El río taba chen de peixes: truitas, salmóis, mui-les... que brincaban nas llimpias y claras auguas del Navia.

Nun regato, ente los xuncos, sintíu cantar. Arrimóuse con cuidao y víu úas muiyeres mui guapas cantando, filando y peñándose. Él xa las conocía de llevaryes dacondo los tesouros: eran las Encantadas.

El Cuélebre nun s'atreveu a achegarse a ellas, pero la más nova chamóulo:

—¡Cuélebre!, ¡Cuélebre!, ven un pouco con nosoutras y cúntanos algúa hestoria. El Cuélebre cola veyeira fixérase mui obediente y achegóuse a ellas.

Úa encantada que taba filando díxoye:

—Inda falta muito pa la noite de San Xuan, ¿por qué nun nos desencantas?

Y el Cuélebre tiróu pol filo que taban filando y rompéuse el encantamento.

Las Encantadas, agradecidas, regaláronye un peñe d'ouro y el Cuélebre, ben contento, siguiu río abaxo.

Era el mediodía y fía calor. Al Cuélebre entróuyele la sede, bebéu un papao d'augua y notóula mui salada. Pensóu que xa taba chegando al sou destín.

El río taba chen de botes y de chalanos y tamén víu us nenos que taban pescando. Estos, al vello, empezaron a tirarye pedras y a darye colas varas por todo el corpo. Esto al Cuélebre nun lo molestaba pero si ye esmolía que ye tuveran medo. Intentóu falaryes y cuntaryes cuál era el sou plan. Al final acabaron féndose amigos y el Cuélebre, colas poucas forzas que ye quedaban, despídíuse d'ellos.

Los nenos todos los días al salir de la escola iban colos sous compañeiros hasta la Praya de Navia y na Pena Furada taba el Cuélebre veyo esperándolos pa cuntaryes muitas hestorias de los personaxes y animales que viven nos montes de la Conca del Río Navia. Los nenos nunca esquecían llevar el peñe d'ouro que ye regalara el Cuélebre pa reconocellos.

Algúas veces sintían úas cancióis mui guapas. Era úa serena que ye fía compañía al veyo Cuélebre.



Nenos y nenas de 6º de Primaria.  
C. P. Ramón de Campoamor (Navia).



Dibuxo: BERTO ALVAREZ FEÑA

outras a zules, úas veces taban paradas y outras nun paraban de moverse. El Cuélebre taba encantao vendo todo aquello.

Al anoitecer deitóuse a descansar nun molín que taba na veira dereta del río y a esperar al outro día pa seguir el viaxe.

El augua del molín nun paraba de ruxir y el Cuélebre nun era quén a pañar el sono, aunque taba ben cansao de la xeira que tuvera.

Los ruxíos empezaron a confundirse con risas y berriós. El Cuélebre asomóuse a un ventano y víu nel outro llao de la ponte úa casa veyda de pedra con daquén dentro. Cola lluz de la llúa víanse solombras de tres narizúas y tres carapuchos y, apoyadas xunto a la porta, dúas escobas.

Anque perdera la memoria, al Cuélebre nun se ye esqueiceran las caras de las Bruxas, asina que pensóu que sería meyor nun achegarse alló por si acaso y volvéu intentar quedarse durmío.

Los conxuros de las Bruxas nun se fixeron de rogar y encomencióu úa gran tronada. El Cuélebre, que taba apigarzando, salíu afora y, al mirar pal celo, pasmóu al ver un xigante colos brazos mui llargos y con un sombreiro na cabeza. El Cuélebre sabía que la meyor forma d'escorrer al Nubreiro era rezando:

*“Santa Bárbara bendita  
que nel celo tas escrita  
con papel y augua bendita”.*

Repitíu tres veces y la tormenta foi ameinando. Ensiguida empezóu a ameicer y el Cuélebre, qu'era madrugador, siguiu el sou camín.

# EL PORVENIR ASTURIANO

SEMANARIO DEMOCRATICO

ORGANO DE LA JUNTA REPUBLICANA LOCAL.

## SUSCRIPCION

ESPAÑA ..... En semestre ..... PESETAS 2  
EXTRANJERO ..... 6

El pago adelantado.

Se publica los domingos.

TODA LA CORRESPONDENCIA AL DIRECTOR

ANUNCIOS

à precios convencionales.

*Anduemos esqueirando nel houcha veyá que temos guardada nel desván da revista y encontramos un par de cousas que nos pintan interesantes: un retrato de Tapia feito en 1913 y un exemplar de setembre del año 1903 del periódico naviego El Porvenir Asturiano. Se teís dalgúa cousa veyá que che pareza d'interés pra publicar aquí xa sabes a únde lo podes mandar.*

El artículo que reproducimos é ún dos muitos que se publicaban na nosa fala nos periódicos da zona naquel entoncias. Ta firmao por *Sarasqueta*, un colaborador habitual d'*El Porvenir Asturiano*, anque os máis dos sous artículos escribíalos en castellano. Como os ratos y a humedanza anduveran fendo debeiros nel houcha y el papel taba malo de ller, quixemos miyor volver escribir el artículo pra qu'a súa llectura sía máis cómoda. Daquella sólo respetaban a ortografía condo escribían en castellano y al escribir en gallego-asturiano fíanlo como quera. Así todo, copiámoslo de pe a pa, sin poñer nin quitar úa lletra, porque ten interés saber cómo reflexaban por escrito a fala de Navia naquel empezo da centuria.

## As festas de Porcía y de Veiga

—Adiós, Antón. ¿D'unde veís, hó?  
—¿Pos d'unde ei vir si non de l'Atalaya de Veiga? Ya tú ¿unde rayos anduviche, que non che se viu an'oitte nin antier, ni en la foguera del víspora?  
—Xa verás, hó, contareiche. Apúrreme pa co'la navaya, picaremos un cigarro n'este suco. Pos íbache el outro venres pa Navia á pagar la paga, condo atopei en Villouril á Perico de la Pilandeira y á Xuan d'as Cruces Veyas; achegámonos á casa de Benigno d'a Fonte, y despos que crabuñamos ben los gorgoleiros c'uas copas d'aguardente del bon, falamos d'as festas, y tanto nos dixo Xuan á min y á Perico de lo bua qu'había tar la festa de Porcía, que fixemos prenóstico d'ir xuntos. Ascotamos pa

la merenda que nos amañóu la nora de Culás de Pipeyo; ua turtiyya de torreznos com'ua regueifa, un rapón con chourizos, un uñanco de cocho, yungaiza y duas concadas de nocés. You fun amontau n'el poyín pequeno d'el pedanio, q'anda mas axina q'un antromóvil, Xuan n'el cuco del molieiro y Perico nas anclas. Salimos cedo, antes d'amaicer c'un bon cacho, y non foi muito, pos á bon paso d'andadura, serían mialma muy cerca d'as nove condo chegamos allá.

—¿Había muita xente, Bras?  
—Dígoche que mialma metía medo, Antón; fén-dame de riba embaxo un reyumbro si nunca tal vin. Mozas, non había mas que ver, pos chegaron á feixes de Tapia y as Figueiras, del Franco y de Bual, Miudeira, de Lloza, de Viyavélez, Valdepares, Arancedo... que sey you, la mar. Tamen che foron alguas rapazas de Navia y del Espín, lo mesmo q'estrellas. Fúmonos chegando con l'alforxa'al hombro á un prau todo chen de castañeiros, unde non se cabía de tanta redolada de xente como taba fartándose á la solombra. Chegamos y fumos tumbanos tras duas xinestras al pe del ríu; comemos ben, trincamos meyor, botamos un café y'uas copas n'a tabierna de Baristo de Sala, y veña a beilar y veña á cortejar con uas y con outras. Si ben tocaba el xipro Madoe, ou si non el crarinete, meyor lo fía Media Oreyá con la gaita; y la música de Navia q'había que vela tocar cada valse que deixaba a un sin sentíu... y eso que me dixeron que los estormentos non valen seis riales. ¡Vergonza yes había dar á los señorois de Navia non daryes pa outros, tanto como axuntan pa outras cousas que non van a ningún xeito! Nada mas che digo, Antón; you nunca tal vin nin penso ver nayundes por muito que viva nel mundo. Y nada che digo del baile de denoite en

EL HOUCHA

ENTRAMBASAGUAS

Viyavélez, n'a sala de baxo de Carabiyón, porque serache cousa de non acabar de aquí a mañá. Si buas mozas había na festa, meyo-res pintaban, beila que te beilarás, las nenas del Porto y alguas de La Caridá, más guapas que craveles y mas lixeiras que prumas de zaconeya. Dígoche que condo non afraquecín beilando ua mazurca puntiada c'ua rapaza, que pítame que ye chamaban Frora, é porque teño mas folgos c'un xato... Yen Veiga ¿qué houbo, ho?

—¡Báldeme de los cuadriles como meu bolo Xicón, ya entre la mángara n'el meiz da horta del Teixo, si todo eso que me cuntache val un tarreyo xunto lo d'Atalaya, hom! Había que ver la lumbración del víspora, n'el paseo de la carretera nova, toda cuberta con ramos de llaurel, ya mecheiros d'aceite ilena postos por Faba. Mismamente someñaba q'era día. ¡Habíache que ver á las mozas de Veiga graciosías d'a cara ya gariteiras como non ch'hay outras d'aquí a Mondañedo! ¿Y qué che dírei del outro día n'el campo d'Atalaya? Pos has saber que pintaba muito más el señoriu que veu de Luarca y Navia, y outros laus, que todo conto puidese haber en Porcía. E verdá que non trouxeron banda de música; pero ¿qué mas dá? Taba el gaitero de Otur, que hay que mirarlo con despacio, condo ye peta tocar ben. Al outro día houbo inda mas xente y mas divirsión ¡qué ten que ver! muita mas. Agora si me poño á falarche de los bai-les n'a sala de Funcia, deixote pasmau d'aquí á la coresma, condo menos. Aqueyo é rache lo que nunca tal se viu, ni en Madril, hom. Pa

entrar adientro, pasei mas trabayo que pa salir d'as quintas. Mozas había un sin fin, guapas como las frores d'un ramo, inda mas. Tamen taba Nuncia, q'era lo que you iba tis-bando; pero ¡qué qués! Anque quixera dicir-ye algo ¿quén demo podía chegar al pe d'ella con tanto americanín como la arrodiaaba? Lástima foi que durou pouco, pos as condena-das d'as veyas, despós que se encheron de cozcar nas pulgas y d'amarmuriar, foron escorrendo las nenas pa la cama antes das duas da mañá. Tamen me fun you con Pepe del Terto, camín de casa d'Antón de Severo á tomar us cuartarois; ¡válgaye el rey del demonio á Paco el de Bar-queiros que taba ayí! Convidounos c'un vinuco branco ou mareyo que fai muita espuma y pega estou-pido condo se destapa. Beber, é verdá que bebin dous papaus; pero mialma si non me chegou el amargor hasta el mesmo embeligo, y si non tou morto é porque agomitei el alma por riba y por baxo. Xa ves, ho, xa ves que me divertin abondo mas que tú.

D'eso había mialma muito que falar, pero quede aquí la cousa y dame palabra de que imos d'ir xuntos á San Miguel á La Caridá, el veintinove d'el que tamos ¿qués? Dígoche que non ha pesarche.

—Pos xa tá. Iremos si Dios quier.

—Vaya, pos hasta outro día, Antón.

—Que che vaya ben, Bras.

*Por la copia,  
SARASQUETA.*

A foto de Tapia, que nos deixóu con toda a gracia Luis del Mourín, ta feita dende a torre del Instituto que daquela era el Colexo "Santa Isabel". Nese tempo a torreta fía d'observatorio meteorolóxico. Porriba del texao del Instituto vese el edificio del Ayuntamiento y as casías —tamén dalgúa qu'outra casúa— qu'amañaban el paisaxe urbano de Tapia. Á dereta, delante da casa de Santamarina, vese un Campo Grande inda sin axardinar, a unde —según cuntan— chegaba el arena da praya. Al fondo, á esquerda y dereta, as casas dos barrios de San Bras y El Outra Banda. El único que nun cambióu neste escenario é El Horro ou El Horrio, esa isla moura que vela a entrada dos barcos dos marneiros tapiegos dende que na villa se pescóu el primeiro peixe.



Diseño: ENTIBAMBASAUJUS Y SALSANG®



Secretaría Lingüística del Navia-Eo  
INSTITUTO ASTURIANO DE LINGÜÍSTICA



PRINCIPÁU D'ASTURIES  
Consejería de Cultura